

## Acta da Comisión Permanente Extraordinaria do día 20 de setembro de 2019

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 20/09/2019.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 20/09/2019.
- III. Documentación presentada e relativa ao recoñecementos de experiencia laboral

Ábrese a sesión ás 14 horas e 4 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se trata o único punto na orde do día:

- **Aprobación, se procede, de recoñecementos de créditos/materias dos Graos impartidos nesta Escola.**

A Directora agradece a asistencia dos presentes e xustifica a necesidade desta sesión extraordinaria xa que na sesión anterior acordouse informar, ao alumno que solicitou recoñecemento de créditos pola súa experiencia laboral, do procedemento correcto que tiña que seguir.

Recibida solicitude na que acredita a súa vida laboral e pide o recoñecemento de créditos optativos, a Directora informa sobre a documentación presentada, indicando que traballou máis de dous anos en empresas de ámbitos profesionais vinculados á titulación, e comenta que tamén presentou un informe de responsabilidades e funcións desempeñadas que xustifica a adecuación do traballo realizado para este recoñecemento.

A Comisión Permanente aproba por asentimento o recoñecemento de 12 créditos optativos.

A Directora comenta que, de cara ao futuro, podería ser interesante establecer uns criterios ou mecanismos xerais que permitan automatizar este procedemento.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte de setembro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 20/09/2019**

## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 20/09/2019**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 20 de setembro de 2019</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
José Santiago Pozo Antonio
<b>Profesorado</b>
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M <sup>a</sup> Carmen Pérez Pérez
<b>ESTUDANTES</b>
Laura Andrés Herguedas
<b>PAS</b>
María del Carmen Romo Pérez

## ANEXO III

**Documentación presentada e relativa ao recoñecemento de experiencia  
laboral**